

**ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS
PRESENTADAS AO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO DE SELECCIÓN
MEDIANTE CONCURSO/OPOSICION DE UN/UNHA TRABALLADOR SOCIAL PARA A
COBERTURA TEMPORAL DA TITULAR DO POSTO EN SITUACION DE IT PARA OS
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS /BASICOS DO CONCELLO DE FORCAREI**

Reunidos a través de videoconferencia o día 14 de febreiro de 2022 as 18.00 h,, as integrantes do Tribunal cualificador, Mónica Rodríguez Palacio (Presidenta), Ana María Aldrey Pereira (Secretaria), Seila Álvarez del Campo (Vogal), Ana Isabel Amoedo Garrido (Vogal) e María Viqueira Iglesias (Vogal).

O día 7.02.2022 no Centro Social de Forcarei realizouse o primeiro exercicio (test) do proceso selectivo, publicándose as notas ese mesmo día, con un período de anulación das preguntas do exame de tres (3) días hábiles a contar dende a publicación das respostas.

Vistas e valoradas as reclamacións presentadas, acórdase:

Irma María Silva González, solicita invalidar:

- A pregunta 13, valorando que "o artigo 20.3 da lei 10/2013 do 27 de novembro non indica o establecido nas respostas A + B, e dicir, non fai referencia a si é compatible ou non o complemento de aluguer coa Axuda de Inclusión Social vinculada ao uso da vivenda". Desestímase en base a que a pregunta fai referencia á normativa autonómica, entendendo por tal a Lei e a normativa que a desenvolve, e, cando se enuncia dito artigo 20.3. nas respostas ofertadas, é para delimitar a que complemento de aluguer nos estamos a referir (atopándose actualmente vixente a Lai 10/2013, de 27 de novembro, que se utiliza). Por tanto a resposta correcta é, tal e como se indicado, a B.
- A pregunta 16, "valorando que hai dúas respostas correctas (A+C)" Desestímase en base a que a este tribunal entende que a C está entre os obxectivos do programa, posto que o apoio á conciliación da vida familiar e laboral inclúe, tamén, ás mulleres. Por tanto, a resposta correcta é, tal e como se estableceu, a A.

Graciela Rivas Nogueira, solicita se pase as preguntas de reserva:

- A pregunta 4 por entender que *poderían ser varias correctas*. Desestímase en base

a que aínda que a pregunta non especifique normativa, enténdese que se refire a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, posto que é a normativa especificada no temario. Por tanto, a resposta correcta é, tal e como se estableceu, a B.

- A pregunta 5 *non menciona os domingos*. Estímase e anúlase a pregunta.

María Azucena Malvido Rodríguez, solicita:

- Anulación da pregunta 5 por non existir ningunha resposta correcta. Estímase e anúlase a pregunta.
- Explicación da nota resultante. A nota da acta corresponde á nota sobre 10 puntos. Na nota publicada aclaratoria sobre as puntuacións está o resultado sobre os 12 puntos, coa puntuación que reclama: 8,25 puntos.

Leticia Gago Moledo, solicita anulación de:

- A pregunta 5, por entender que *"non hai resposta que se estime correcta"*. Estímase e anúlase a pregunta.
- A pregunta 16, *"valorando que hai dúas respostas correctas (A+C)"* Desestímase en base a que a este tribunal entende que a resposta C está entre os obxectivos do programa, posto que o apoio á conciliación da vida familiar e laboral inclúe, tamén, ás mulleres. Por tanto, a resposta correcta é, tal e como se indicaba, a A.
- A pregunta 19, porque a letra d) da viñeta está noutro formato (en cursiva). Estímase e anúlase a pregunta.
- A pregunta 1 de reserva, por entender que *"hai varias opcións correctas"*. Estímase e anúlase a pregunta.

Irene Ramírez Abal, solicita anulación de:

- A pregunta 5, por entender que *"non hai resposta que se estime correcta"*. Estímase e anúlase a pregunta.
- A pregunta 16, *"valorando que hai dúas respostas correctas (A+C)"* Desestímase en base a que a este tribunal entende que a resposta C está entre os obxectivos do programa, posto que o apoio á conciliación da vida familiar e laboral inclúe,

tamén, ás mulleres. Por tanto, a resposta correcta é, tal e como se estableceu, a A.

- A pregunta 1 de reserva, por entender que "*hai varias opcións correctas*". Estímase e anúlase a pregunta.

Rocío Leiro Mariño, solicita explicación sobre a nota aclaratoria. Nas bases da convocatoria, segundo o establecido no punto 7.1.a) indícase que a puntuación máxima será de 12, sendo preciso acadar un mínimo de 6 puntos para superar a proba, sendo o cálculo das puntuacións que aparecen na nota aclaratoria.

Adoración Varas Noguerol, solicita corrección da nota ao expor que tendo 8 preguntas ben e 7 mal: $8 \times 0,6 = 4,8$ $7 \times 0,15 = 1,05$ $4,8 - 1,05 = 3,75$ co cal, a sua nota sería de 3,75 e non dun 3,25 como se me asigna. Na nota publicada aclaratoria sobre as puntuacións está o resultado sobre os 12 puntos, coa puntuación correspondente: 3,90 puntos, ao ter 8 respostas correctas, 6 respostas incorrectas e 6 en branco.

Non sendo outro o obxecto da convocatoria, a Presidenta declara concluída a sesión, sendo ás 20.00 h

Na miña condición de secretaria do Tribunal, dou fe



Visto e prace